



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA
30 DE XULLO DE 2009.-**

Sres. Asistentes:	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e tres minutos do día vintecatro de setembro de dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario-Acctal. o que o é desta Corporación D. José Angel Carballo Feijoó.
Sr. Alcalde:	
D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.	
Sres. Concelleiros:	
D. FRANCISCO GARCIA PREGO.	
D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO.	
Dª ANA MARIA FERNANDEZ COIRA.	
Dª VICTORIO MONTENEGRO PAZ.	
D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ.	
D. FRANCISCO ECHEVARRIA LAGE.	
D. FERNANDO OTERO PRIETO.	
Dª JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.	
Dª MERCEDES GRANDE REGUEIRO.	
D. MANUEL RODRIGUEZ DOVAL.	
Dª BELEN ABEAL PEREZ.	
D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.	
SR. SECRETARIO-ACCTAL.:	Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:
D. JOSE ANGEL CARBALLO FEIJOO.	

**Punto núm. 1.- DAR CONTA DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA,
DE DATA 19 DE XUÑO DE 2009.**

Dada conta da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 19 de xuño de 2009, na que se emite o seguinte FALLO:

FALLAMOS:

Que. Con desestimación del recurso de suplicación planteado por Dª BEATRIZ SUAREZ TORRENTE Y Dª ROSA MARIA FERNANDEZ CASTIÑEIRA, contra la sentencia dictada por el Ilmo. Sr. Magistrado Juez de lo Social núm. 1 de Ferrol, en fecha 28 de diciembre de 2005, debemos confirmar el fallo de la misma.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que esta Sentencia ven motivada por un conflicto do Plan Laboral, que levaron o Xulgado do Social en primeira instancia e perderon, e dicir que non era intención en quitarlles parte do salario, senon que xa viña contemplado no propio Plan, e nos alegramos que un tema do social saira favorable.



O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm 2.- APROBACIÓN CONTA XERAL DO PRESUPOSTO 2008.-

Polo Sr. Alcalde-Presidente, se manifesta que na documentación facilitada, dase conta da Información Pública mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e dun informe de Secretario no que nun dos seus considerandos, no octovo se di “que a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas”,.

Formulada e renda a Conta Xeral deste Concello correspondente ó exercicio de 2008, e dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na sesión do 27 de maio de 2009, foi sometida a información pública mediante Edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 137 de data 17 de xuño de 2009.

Atendido que durante dito prazo de información pública non se formularon reparos ou reclamacións.

Dada conta do informe de Secretaria-Intervención do seguinte teor literal:

““INFORME DE SECRETARÍA

CONTA XERAL 2008

De acordo co ordenado pola Alcaldía, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. O artigo 200.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que



as Entidades Locais e os seus Organismos Autónomos quedan sometidos ao réxime da contabilidade pública nos termos establecidos en dita Lei, e o artigo 119. 3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria determina que o sometemento ao réxime de contabilidade pública implica «obrigación de render contas das súas operacións, calquera que sexa a súa natureza, ao Tribunal de Contas».

O réxime de contabilidade pública ao que están sometidas as Entidades Locais ten como fin último a obrigación de render contas das súas operacións, e o mecanismo previsto polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para cumplir esta obligación é a Conta Xeral.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 22.2 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- As Regras 97 e seguintes da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local
- Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.
- Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrucción que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.



TERCEIRO. O modelo simplificado de contabilidade o deben aplicar os municipios cun orzamento que non exceda de 300 000 euros, así como aqueles cun orzamento que supere este importe pero non exceda de 3 000 000 euros e cunha poboación que non supere os 5 000 habitantes.

As demais entidades locais sempre que o seu orzamento non exceda de 3 000 000 euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas nos apartados anteriores.

Así mesmo, aplicarase o modelo normal de contabilidade local nos municipios cun orzamento que exceda de 3 000 000 euros, así como aqueles cun orzamento que non supere este importe pero excede de 300 000 euros e cunha poboación que sexa superior a 5 000 habitantes. As demais entidades locais sempre que o seu orzamento excede de 3 000 000 euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas nos apartados anteriores.

CUARTO. A Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumplir esa obrigación formal de render contas, se non que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario; é dicir, é o instrumento que permite á Corporación e os administrados coñecer qué se fixo durante un exercicio orzamentario, permite controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos públicos; é, en definitiva, un mecanismo de control.

QUINTO. A Conta Xeral das Entidades Locais estará integrada por:

- A da propia Entidade.
- A dos seus Organismos Autónomos.
- As Contas das Sociedades Mercantís de capital integralmente propiedade da mesma.



SEXTO. A Conta Xeral da Entidade e a dos seus Organismos Autónomos está integrada por toda a documentación esixida pola Normativa vixente, segundo o detalle e o contido que se sinala a continuación:

- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
- c) O estado de Liquidación do Orzamento.
- d) A Memoria.

Ás contas anuais da propia Entidade Local e de cada un dos organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.
- En caso de que o Pleno da Corporación así o establecese, á Conta Xeral acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que determinase.

SETIMO. O procedemento para aprobar a Conta Xeral é o seguinte:

A. De conformidade co artigo 212.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Conta Xeral será formada pola Intervención.

O contido da Conta Xeral dependerá do modelo de contabilidade que se aplique en cada Concello, así deberá de ser o adecuado á Instrucción de Contabilidade que sexa aplicada, concretamente regúlase nas Regras 98 e 101 da Orde EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Pública ou nas Regras 86 e 89 da Orde EHA 4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Simplificado de Contabilidade Pública.

De acordo cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 212.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, corresponde



ao Presidente da Entidade Local render as contas, polo que o Alcalde someterá a Conta Xeral, xunto con todos os seus xustificantes e Anexos, a informe da Comisión Especial de Contas, sempre antes do 1 de xuño.

De igual forma defíñese nas Regras 90 e 91 da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Simplificado de Contabilidade Local e nas Regras 102 e 103 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade, como cuentadantes os titulares das entidades e órganos suxeitos á obrigación de render contas e en todo caso, o Presidente da Entidade Local.

B. A Conta Xeral co informe da Comisión Especial de Contas será exposta ao público por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes pola Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.

C. Acompañada dos informes da Comisión Especial e de todas as reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

D. A Conta Xeral debidamente aprobada remitirase ao Tribunal de Conta e, no seu caso.

OITAVO. A aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas.

DECIMO. Pola resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado recoméndase aos órganos de control externo un formato normalizado para a Conta Xeral das entidades locais, que favoreza a homoxeneización na rendición de contas por parte destas e facilite a ditos órganos o establecemento de procedementos de envío das contas por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Respecto o formato da Conta Xeral no modelo Normal de contabilidade local o punto terceiro de dita resolución establece que a Conta Xeral da Entidade Local, integrada pola



Conta da propia entidade local, a Conta dos seus organismos autónomos, as contas das sociedades mercantís cun capital que pertenza integralmente á entidade local e as contas das entidades públicas empresariais locais, así como a documentación complementaria que debe acompañala en virtude do disposto na regra 101 da Orde EHA 4041/2004, de 23 de novembro, presentarase cos formatos «pdf» e «xml», de acordo co seguinte:

- Ficheiros en formato «pdf» que conterán a información da Conta Xeral segundo a estrutura dos modelos de Contas Anuais establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración local e no Plan Xeral de Contabilidade da empresa española.
- Ficheiros en formato «pdf» comprensivos da documentación complementaria a acompañar á Conta Xeral que se detalla a continuación:
 - a) Acta de arqueo das existencias en Caixa na Corporación e en cada organismo autónomo , a fin de exercicio.
 - b) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou de cada organismo autónomo, a fin de exercicio.
 - c) Estados de conciliación, en caso de discrepancia entre os saldos contables e bancarios.
 - d) As contas anuais das sociedades mercantís no que no seu capital social teña participación maioritaria a entidade local.
 - e) Os estados integrados e consolidados das contas que, no seu caso, establecese a Corporación.
 - f) Os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes e as demais entidades locais de ámbito superior: Memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos públicos e Memoria demostrativa do grado en que se cumplisen os obxectivos programados con indicación dos previstos e alcanzados co custe dos mesmos.
- Un ficheiro en formato «xml» por cada entidade contable que conterá a información numérica das Contas da entidade local e dos seus organismos autónomos.

O contido e a estrutura de cada ficheiro «xml» deberán cumplir as especificacións técnicas (esquemas XSD) publicadas no portal da Administración Orzamentaria en internet (www.igae.pap.meh.es), así como as normas sobre integridade dos ficheiros «xml», inclúense no apartado SEXTO desta resolución.

Para establecer os formatos informáticos e o procedemento deberá terse en conta o establecido na Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a instrución



que regula o formato da Conta Xeral das entidades locais en soporte informático o procedemento telemático para a rendición de contas

En Ares, a 19 de maio de 2009

O Secretario,"

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández portavoz do Grupo de NAL, manfiestando que quere facer unha intervención en canto a Conta Xeral, hoxe traemos a Pleno a Conta Xeral que como sabedes todos é o documento máis importante desde o punto de vista do Control e a Fiscalización e a trasparencia que teñen as Corporacións Locais, e ademáis e o instrumento que teñen as entidades para cumplir a obrigación formal de rendir as suas contas á terminación do exercicio presupuestario, e a súa vez pon de manifestó a xestión realizada nos aspectos financeiros, patrimonial e económico presupuestario, e dicir o instrumento que permita á Corporación e os administrados coñecer o que se fixo durante un exercicio orzamentario, e ó mesmo tempo controlar o uso e destino dos fondos públicos. Ainda que o noso grupo en canto á fase de alegacións e reparos, non fixo ningunha alegación á Conta Xeral, nos gustaría deixar constancia neste Pleno algún aspectos e algunas consideracións, mostrar ante todo a nosa disconformidade coa política económica financeira que vimos denunciando e que agora unha vez más queda evidenciada tralos datos negativos que os indicadores e ratios transcritos nella arroxan, como a evolución do resultado presupuestario, resultado axustado do presupuesto de 2008, é un saldo negativo de 578.285,56 Euros, en canto ó dato da evolución estabilidade orzamentaria, tanto o saldo non financiero como o saldo financiero arroxan unhas cantidades bastante importantes negativas, e a evolución do aforro neto que é un dato tamén importantísimo en caso de ter que formalizar unha operación de préstamo sale negativo en menos 651.562 euros, outro dato a ter en conta é a evolución do superávit deficit do financiamento presupuestario, gastos de déficit non financiero que ascende a 1.602.630,04 euros, outro dato importantísimo é o que fai referencia ó endebedamento total que é 2.351.140,90 euros, polo tanto eu creo que repasados os números que arroxan a Conta Xeral, si temos en conta tamén, que o aforro neto resultante e definitivo e a carga financiera deste Concello está no 70% sen contabilizar a operación de préstamo que acabamos recentemente de aprobar para paliar a falta de liquidez, sabemos que o compromiso adquirido para a formalización do préstamo, que se o remanente de Tesourería do ano que ven non sae positivo nos prohíbe o poder xestionar ningunha operación de préstamo para sufragar os gastos de inversión materiales e inmateriales mentres dure a operación concertada, a estos resultados tan negativos, producto de unha política bastante irresponsable e que nos esta levando a unha situación cada vez más difícil. A noso entender deberíase de cambiar e corrixir o rumbo da política en canto á contención do gasto e incluso a reducción do gasto corrente, cunha política de compromiso que aposte verdadeiramente con firmeza, con rigor presupuestario, imos a ir moito pero, porque así o indican todos os datos o corto prazo, polo tanto gustariame poñer alguns exemplos do que a noso entender nos parecen gastos non innecesarios, senón que non é o momento de gastar, dada a crise e a situación e o futuro más



inmediato que temos, quería poñer de manifestó alguns do exemplos que a noso xuizo deberíamos tratar de evitar no sucesivo, a noso entender algunha compra de terreos, recuperación e posta en funcionamento de inmobles porque eso como sabemos todos nos vai a xenerar moiísimo más gasto corrente, externalizar algunhs servicios que se están externalizando, adquisición de vehículos, contratación de Asesorías, concesión de gratificacións a determinado persoal, o uso das horas extraordinarias, concesión de subvencións a entidades fora de presuposto, e un largo etc. Que poderíamos estar enumerando, que entendemos que se debiera de corrixir, creo que ademáis dunhas subvencións a noso entender, eu non teño coñecemento de se O Interventor na concesión dalgunhas subvencións nas que se esixe informe económico financiero se había partida presupuestaria, como o tema da legalidade nas subvencións,e para rematar a miña primeira intervención gustaría facer mención a dúas resolucións que alude o informe de Secretaria, que son a Resolución de 28 de xullo de 2006 pola Intervención Xeral da Administración, e a Resolución de 30 de marzo de 2007 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se pública o acordo do 29 de marzo que nos ven a dicir o sistema a partir da data que as Contas Xerais se van a ter que transcribir en soporte informático telemático á hora de redactalas, a estas Resolucións hai que engadirlle unha ultima Resolución do día 20 de Xullo de 2009 da Presidencia do Tribunal de Contas pola que se pública o acordo no que se aproba a instrucción que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemática para a rendición de contas, esto quero dicir que a Resolución que estou mencionando agora e con posterioridade ó informe de Secretaria que é de data 19 de maio, polo tanto o Sr. Secretario non alude a esta última Resolución porque foi con posterioridade a data do seu informe, con o que esto nos vai a esixir a partires de agora, que o soporte informático, no que temos que rendir a partir de agora, en aras de facilitar o traballo se nos debería facilitar os portavoces dos grupos unha copia do mesmo soporte.

Acto seguinte toma a palabra o Sr. Portavoz do Grupo Municipal do BNG, quen manifesta que dunha maneira resumida quere explicitar a sua posición neste punto, non vou a facer unha intervención moi pormenorizada, porque en todo caso os números están ahí, e tratase dalgúnha forma de darlle viabilidade aos documentos que aquí se presentan, si quero dicir que en todo caso a Conta Xeral do 2008, reflicte os números e reflicte os movimentos a respecto dun orzamento que nos non aprobamos no seu momento, e quixerá remitirme precisamente os razonamentos que nos tuvemos para non darlle o voto afirmativo naquel momento e algunas consideración e algunas evidencias que agora se conteñen na propia Conta Xeral, o único que quero dicir en representación do BNG, e que ó marxe de que se trate dunha operación que non fai máis que ter en conta ou dar conta como así o nome reflicte, a un proceso que obede en primeiro lugar como dixen antes a aprobación do orzamento municipal e despois tamén a unha responsabilidade no ordenamento do gasto que corresponde ó grupo de goberno, neste caso quero explicitar que a nosa posición vai a ser de abstención, nos tampouco presentamos ningún tipo de alegacións, porque entendemos que desde o punto de vista legal que onde poderíamos facer nos algún tipo de observación, non



hai nada que obxectar, si desde o punto de vista do que son as decisións políticas que non nos competen a nos e que queda sustanciado nas reflexións que nos faciamos incluso no momento da aprobación, do orzamento do ano 2008, estuvén revisando agora aquí o que foi a intervención do BNG, e polo tanto nese sentido por pura coherencia a nosa posición vai a ser de abstención.

Toma a palabra o portavoz do Partido Popular D. José Manuel Cendán Fernández, manifestando que os datos son os que son, que é un trámite ordinario e esto é para darlle tramitación á Conta Xeral e que pase a fiscalización polo Tribunal de Contas, hai que tomar medidas sobre o control do gasto, e a postura do seu grupo vai a ser negativa a aprobación.

Acto seguinte o Sr. Alcalde Presidente, somete a votación a aprobación da Conta Xeral do Presuposto correspondente ó exercicio de 2008, e o Pleno da Corporación por 5 votos a favor do PSOE, 6 votos en contra 5 PP e 1 NAL e 2 abstencións acorda non pestarlle a súa aprobación á conta Xeral do Presuposto de 2008.

Polo Sr. Alcalde manifestase que cos resultados desta votación remitirase a Conta Xeral do presupuesto de 2008 o Tribunal de Contas para súa fiscalización.

Punto núm. 3.- INCLUSIÓN FINCAS (2) Ó PROXECTO EXPROPIATORIO EDAR.

O Sr. Alcalde Presidente, manifesta que no proxecto expropiatorio da EDAR como xa se sinalou na xunta de portavoces, faltaban por incluir duas fincas, que os técnicos erróneamente xulgaron como de titularidade municipal sin selo, en consecuencia como aparecen duas fincas da que da súa identificación dase conta na documentación que se facilitou o Pleno, además da inclusión dunha serie de fotografías das mesmas, coa finalidade de incluílo no proxecto expropiatario volve a Pleno este tema no punto terceiro da orde do día, co obxecto de incluir esas duas fincas no ámbito de esta actuación.

Aberto un turno de intervencións, toma a palabra o portavoz do BNG, Sr. Rodríguez Doval, manifestando que van a votar favorablemente, trátase dun trámite que lle da maior seguridade xurídica ó procedimento, tamen quixeramos aproveitar para que conste en acta, que tamén nos urxe que a seguridade xurídica a tiñamos na aprobación do proxecto definitivo, sería necesario que viñera a Pleno o proxecto definitivo entre outras cousas porque a obra xa está en marcha, agardar que poida vir canto antes o proxecto definitivo.

O Sr. Alcalde-Presidente, di que no punto da orde do día, refirese a expropiacións do anteproxecto de construcción e explotación actuacións de saneamento na zona norte da Ría de Ares e na Zona Sur da Ría de Ferrol, ven o informe técnico, relativo a inclusión de dous predios más no expediente, son os números 506 e 507, trátase de seguir coa tramitación e o proxecto definitivo en canto esté decidido o traeremos a Pleno.



Interven o portavoz do Grupo Municipal do P.P., Sr. José Manuel Cendán Fernández, que debería falarse con PROYFE e darrle unha volta de tuerca a este tema, por si poidera aparecer algúna mais, nos podemos atopar con algúna sorpresa e que o proceso se paralice.

Acto seguido sometese o asunto a votación e o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia a adaptación do seguinte acordo:

“Iniciado procedemento de expropiación forzosa, mediante acordó plenario do pasado 20 de novembro de 2008, para a ocupación dos bens e dereitos que figuran como anexo, para a ralización das obras “**ACTUACIÓN SANEAMENTO NA ZONA NROTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL**”, segundo proxecto técnico redactado por “PROYFE S.L.” (Proxectos de Enxeñería e Edificación), dado que na información pública o pasado 13 de decembro de 2008, omitironse dous predios, e subsanada dita omisión, mediante a súa inclusión na separata de expropiacións mediante acodo plenario de 30 de xullo de 2009, de conformidade co previsto no artigo 19 da Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954, faise pública a relación de propietarios e bens afectados para que dentro do prazo de quince días, contados a partir do seguinte á publicación do presente acordo no BOP, poidan os interesados formular alegaíóns sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e o seu estado material ou legal, aportando cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación que se fai pública.

Só para os efectos da emenda de erros na descripción material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer para alegar e ofrecer cantos antecedentes ou referencias siran de fundamento para as rectificacións que procedan.

CONCELLO DE ARES

ANEXO: Relación de propietarios e de bens e dereitos afectados

Nº ORDE	CASTASTRO	TITULAR	BENS AFECTADOS	VALORACION
506	29929-47	FERNANDEZ DOPAZO JOSE LUIS	497M2 PRADO	8.062,58
507	24912-1	MOLINS DE SAS, CAMILO	159 M2 PRADO	2.579.38

Punto núm. 4.- APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO “PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA ARES-MUGARDOS”.

Dase conta da Certificación do acordo adoptado polo Concello Pleno do Concello de Mugardos en sesión extraordinaria celebrada o día 8 de xuño de 2009, do que a súa parte dispositiva seguinte transcribe:

“1.- MODIFICADO DO PROXECTO DAS OBRAS DE “PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

Rematadas as intervenciónes sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, tendo conta o ditame da Comisión Informativa de facenda e patrimonio, en sesión realizada o día 14.04.2009, así como os informes da secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, por unanimidade acorda:

1º.- Prestar aprobación ao “PROXECTO MODIFICADO EJECUCIÓN DE PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”, redactado pola arquitecta Dna. Mercedes Hermida Feal, en data abril 2009, cun presuposto de execución por contrata de UN MILLÓN SETCENTOS OITENTA E TRES MIL SEISCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CENTÍMOS (1.783.663,98 Euros), o que supón un incremento de 296.585 Euros respecto ao proxecto orixinal.

2º.- Adxudicar directamente o “MODIFICADO EJECUCIÓN DE PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS” ao contratista principal D. OBRAS Y CONTRATAS AEDES S.L. no precio de 296.585.- euros, ive incluido o que supón que o prezo total do contrato, incluído o do presente modificado, queda fixado na contía de 1.783.663,98 Euros, ive incluído.

3º.- Aproba-lo gasto con cargo á partida 2002.0.452.0 62200 do vixente presuposto.

4º.- Que se lle notifique ó adxudicatario o presente acordó dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de quince días, contados a partir da notificación, proceda ó reaxuste da garantía definitiva pola cantidade de 11.863,4 euros, así como á formalización administrativa da presente modificación.

5º.- Remitir o presente acordó e copia do modificado do proxecto á Excma. Deputación Provincial –Sección Patrimonio e Contratación- aos efectos da xustificación do convenio de colaboración asinado entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e os Concellos de Mugardos e Ares para financiar as obras incluídas no proxecto básico e de execución da piscina cuberta climatizada compartida Ares-Mugardos (núm. 320/2006).

6º.- Dar trasado do presente acordó ao Concello de Ares para o seu coñecemento e efectos”.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que pasados os anos os prezos dos suministros sufriron un incremento importante, tratase dun gran incremento no custo final da obra, tanto o concello de Ares como o de Mugardos non teñen unha solución definitiva, non hai mais que un compromiso verbal por parte da Deputación, agora hai que fazer frente económico a este proxecto e as posibilidades son duas, con fondos propios o a través dun convenio coas Administracións.



Toma a palabra o Sr. Portavoz de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, di que non o paguen as arcas municipais.

Acto seguinte intervén o portavoz do Grupo Municipal do BNG Sr. Rodríguez Doval, manifestando que a súa posición vai a ser favorable e que diron traslado o Sr. Vicepresidente da Deputación Provincial para darlle saída a todo esto.

Interven o portavoz do Grupo Municipal Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, quen manifesta que a Deputación foi asumindo os modificados, e que vota de menos un informe Xurídico e un informe técnico.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente, que estes informes corresponden os técnicos do Concello de Mugardos que é onde se está a executar a obra.

Sometido o asunto a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBIERNO.

Punto núm. 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resoluciós adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, solicitando que se lle explique a Resolución núm. 25/09 referente a unha gratificación por traballos extraordinarios a catro traballadores.

Resposta o Sr. Alcalde que ten explicación, a de Carlos Manuel Rivera López, foi aprobada en Pleno por ser responsable de Protección Civil, a de José Antonio Cernadas García e a Manuel Díaz González, son por rendimentos de traballo en momentos de apuro, e a de Agustín Súarez Feal, e efectivamente por unha Resolución da Alcaldía que se lle designa como coordinador, eso terá o seu reflexo porque virá aquí a Pleno a R.P.T., o desexo desta Alcaldía e que exista unha interlocución clara, eficaz, transparente entre as decisións políticas e os traballadores externos do concello, e evidentemente esa interlocución, ese entendimento lóxicamente con esta persoa de coordinación mellorou notablemente, todo ten a súa explicación, non se ten porque compartir, Carlos Manuel Rivera López ten efectivamente as suas obrigas e súas cargas, aquí aprobamos un Plan Local de Seguridade e un PEMU, efectivamente é unha adicación e nese sentido nos optamos por profesionalizar non a agrupación, nin a dirección da Agrupación que son voluntarios, pero si a responsabilidade de que o entorno de protección civil, por un Plan de Emerxencias Municipal, que existe un



responsable que ten que ter o teléfono encendido dia e noite, e que loxicamente é o que leva a dirección desas actuacións, e Agustín xa o dixemos por activa e por pasiva, porque leva neste momento a interlocución cos responsables políticos, no ámbito de actuación de organización de todos os traballos, o capataz é un capataz única e exclusivamente de servicios, así loxicamente figura no seu expediente laboral, e Agustín esta levando toda a coordinación de obras, e ademáis as obras son moitas, en consecuencia ten esa explicación non se ten porque compartir, pero non nos estamos a inventar nada.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 6.- MOCIONS E PROPOSTAS.

A) Moción do BNG. “LIBROS DE TEXTO”.

Dase conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor literal

“MOCION O PLENO DO CONCELLO DE ARES.

As nais e os pais do alumnado levan décadas loitando por unha mesma causa: que os libros de texto escolares sexan gratuítos para as familias con fillos e fillas matriculados en colexios públicos e concertados. Se como dí a Constitución Española no seu artigo 27.4 o “ensino básico é obligatorio e gratuito” os manuais de texto que o alumnado necesita para seguir o curso tamén deberían selo. Tal e como está configurado o sistema educativo, o libro é aínda un elemento imprescindíbel que as familias están obrigadas a adquirir cada comezo de curso. En realidade, ao esixir este esforzo económico non se cumpre co precepto constitucional, nin se garante a igualdade de oportunidades de todos e todas á educación.

Por orde do 6 de xuño de 2003 (Diario Oficial de Galiza do 12 de xuño) convocouse o programa de gratuitade de libros de texto nos centro de ensino sostidos con fondos públicos para os niveis obligatorios e gratuitos, e estableceronse as súas normas de organización e funcionamento con un servizo fundamental á sociedade por parte dos poderes públicos, como servizo de préstamos que favorece a igualdade de oportunidades entre o alumnado e inculca valores de solidariedade, conservación do material para a súa reutilización por outras persoas e coidado do ben colectivo.

No curso 2009-2010 dase un paso atrás, cunha obsesión da actual Consellería de Educación de desmantelar os logros conseguidos en etapas anteriores argumentando que non adoptara aínda medidas concretas sobre o programa impulsando polo goberno anterior con presenza do BNG.

Rexeitamos que unha das primeiras medidas que pon en marcha o gobernó do PP sexa a de apoiar os recortes sociais. Desde o BNG queremos lembrar, que a día de hoxe hai en Galiza 82000 familias agardando que a Consellería de Educación defina a súa política en



materia educativa, porque áinda non saben que vai pasar cos libros de texto no vindeiro curso académico e que vaí pasar co programa de gratuidade dos libros de texto.

Consideramos inaceptábel a supresión da gratuidade universal dos libros de texto, anunciada polo conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, na sesión do Consello Escolar de Galiza do 18 de xuño, admitidas tamén polo presidente da xunta de Galiza. Esta proposta de recorte, xunto con outras que a Consellería de Educación está levando adiante nestes primeiros meses do seu mandato, supón unha medida regresiva que atenta ao carácter público e gratuito do ensino, e evidencia unha vez más a política negligente que este gobernó está a levar a cabo.

Esta medida non pode ser a resposta do Goberno aos problemas económicos na actual situación, tal e como argumentou o conselleiro. De feito, nun contexto económico precario, o Goberno debe manter a gratuidade dos libros de texto para favorecer a economía das familias, e non usar a crise como pretexto para artellar discrecionalmente calquera tipo de política, mesmo aquelas que suponen un ataque frontal ás garantías fundamentais polas que o Goberno debe velar. Esta política supón un paso atrás no plano educativo e social.

A tres meses da toma de posesión non sabe qué política educativa vai empregar, finalizando o curso cun total desconcerto e desconfianza por parte das familias.

E curiosa a maneira de entender a responsabilidade deste novo gobernó que, por unha banda, realia unha absurda enquisa ás nais e aos pais sobre a lingua na que quere os contidos dos libros de texto e, pola outra, toam despóticamente a decisión de eliminar a tratuidade dos mesmos.

Finalmente, debemos recordar que o sistema creado polo anterior gobernó da Xunta de Galiza introducía a solidariedade de compartir os libros, e que existen 82.000 familias agardando unha decisión.

Por todo isto, o BNG propónlle ao Pleno da Corporación Municipal de Ares a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico.”



Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 2 BNG) 5 votos en contra do Grupo Municipal do P.P. e 1 abstención do Grupo Municipal de NAL, acorda presta-la aprobación á Moción anteriormente transcrita e en consecuencia:

Instar á Xunta de Galiza a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico.”

Interven o Portavoz do Grupo Municipal do BNG, quen manifesta que a Moción ten unha parte decisoria que é moi concreta, en todo caso manifestar que vamos a referirnos ó ámbito educativo, esta moción afecta a un proceso que significa unha volta atrás dos pasos que se tiñan dado, que se tiñan concretado polo anterior goberno da Xunta, e que estaban refrendados polo propio Partido Popular, como aparece na Orde de 6 de xuño de 2003, que é o que vai favorecendo a igualdade de oportunidades co tema do préstamo dos libros de texto, en calquera caso a decisión do novo goberno da Xunta, cun argumento tan peregrino como o tema da crise de reducir unha prestación que estaba prácticamente instaurada como universal, consideramos que é un paso atrás porque se cadra de cada catro persoas que tiñan acceso a ese sistema a través da normativa do anterior goberno galego, tres persoas se van a quedar fora desto, o marxe que desaparece algo que creemos que é fundamental que é o sistema de préstamo, nese senso a proposta que facemos e a seguinte: **Instar á Xunta de Galiza a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico.”**

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que a postura do seu grupo vai a ser a abstención xa que non ten datos suficientes para un pronunciamento, deixando claro que tampouco é unha medida moi xusta, porque persoas que teñen rendas moi baixas que estén costeando os libros de texto a persoas que rendas moi altas, non cree que sexa unha medida solidaria e xusta.

Interven o Portavoz do Partido Popular Sr. José Manuel Cendán Fernández, manifestando que si é certo que a Xunta de Galicia había aprobado un Decreto para a gratuidade dos libros, no 2007 por parte do goberno bipartito aprobase o sistema do préstamo dos libros e o 20% do custo o tiñan que suplementar os paíns, nos somos partidarios do sistema do que o que más gane que pague, nos non podemos apoiar esta Moción porque entendemos que con ela os más pobres apoian os más ricos, e eso non é nin solidario nin é nada. Nos creemos que en tempos de crise como nos que estamos, o que más gana que pague, eso é solidaridade.

Acto seguinte intervén o SR. Alcalde-Presidente, manifestando que cada un ten que valorar o que é a coherencia, aquí tiñamos un Servicio de Axuda a Domicilio e non pagaba



ninguen, co mesmo criterio que plantexa o Sr. Cendán, os ricos teñen que pagar as operacións no servicio galego de Saúde, porque a sanidade está universalizada, que a xente pudiente non pague a sanidade e se opere gratis, tamen vai en contra da tua fisolofía, e cando se opta pola universalización da educación se ten que optar por a universalización de toda no seu conxunto incluidos os libros, os argumentos do Partido Popular non teñen defensa posible, e menos dicir que os ricos que paguen os libros, pois tamen que paguen as operacións de apendicite.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que hai que saber o que significa universalizar o servicio, posto que senón caemos no absurdo, en calquera caso o portavoz decía que non lle constaba que houbera unha decisión política, hai unha decesión política avalada por xustificacións do novo Presidente da Xunta, no que dice que el avala o novo sistema que esta en contra do anterior, efectivamente polos argumentos que nos deu o portavoz do Partido Popular, pero si quería establecer para que vexamos ata que punto, nos temos aquí cinco casos, pero vou a poñer soamente dous, familia mil eurista cunha filla, ingresos do pai de ingresos da nai non ten dereito a ningún tipo de de axuda, e familias por debaixo do umbral da pobreza calculadas según estimacións do Instituto Nacional de Estadística so teñen dereito o 50% da axuda. A clave de todo esto é que se queren aforrar 9 millóns de euros, nos pensamos que é unha grande equivocación, vai haber unha contestación Social no mes de setembro, e o que se trataba hoxe aquí, era pola parte humilde que a nos corresponde a nos como membros da Corporación, primeiro instaurar a coherencia, e é evidente que non hai coherencia, posto que non se sabe o que é universalizar os servicios, que creo que o Sr. Alcalde o explicou claramente, eu non vexo ó Partido Popular defendendo os dereitos dos maís necesitados e poñendo en cuestión os privilexios do menos necesitados, nunca foi a súa política e é evidente que non vai a ser así. E polo que fago unha última chamada o Portavoz de Nal e do Grupo Popular, para que primeiro se poñan de lado da filosofía que marcou o seu goberno cando estaba na Xunta de Galicia, e dunha decisión política que universaliza un servicio que esta garantiza na Constitución.

Sometida a votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor (2 BNG e 5 PSdeG-PSOE), 5 votos en contra do P.P. e 1 abstención do Grupo de NAL acorda prestar a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

B) PROPOSTA ASOCIACION FEARMAGA ASOCIACIÓN GALEGA MONTE INDUSTRIA E CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA.

Dase conta da Declaración a Favor do Monte Galego, que seguindamente se transcribe:

"DECLARACION A FAVOR DEL MONTE GALLEGOS.



Los árboles son los pulmones de la tierra ya que transforman el CO₂ en oxígeno. El 30% de la superficie de la tierra está cubierta de árboles. En Galicia, los árboles cubren más de la mitad de los montes y éstos ocupan dos terceras partes de nuestro territorio.

Para Galicia el monte representa una triple fuente de riqueza: social, medioambiental y productiva.

Desde el punto de vista social, genera empleo y riqueza y cumple una función de socialización muy importante en la sociedad actual porque en el monte realizamos muchas de nuestras actividades de ocio. Medioambientalmente, contribuye a la conservación de la biodiversidad de muchas especies animales y vegetales y es un fiel aliado en la lucha contra el cambio climático.

Finalmente, nuestro monte gallego es eminentemente productivo, ya que en él conviven actividades como la producción forestal, la ganadería o la caza. La actividad forestal es una de las mas arraigadas y una fuente de ingresos para muchos gallegos, más de 50.000 gallegos realizan alguna actividad relacionada con la madera.

En definitiva, el monte genera vida y como dice el lema de la campaña “O monte é a nosa vida”.

Por todo esto, asumimos el compromiso de preservar esta riqueza y trabajar por un futuro mejor para Galicia. E invitamos a todos los que comparten esta idea, a firmar este documento en señal de su compromiso en defensa del monte gallego, rechazando cualquier forma de agresión que ponga en peligro el patrimonio forestal que representa para Galicia.”

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que fai a reflexión que fixo o outro día na Xunta de Portavoces, que o mellor non estaba nada de mal, que a aproveitando que lles mandamos o acordó de adhesión, que lles lembremos os tratantes da madeira que o monte hai que coidadalo, e hai que ver como o deixan cando veñen cos tractores, son partidario que se lles mande unha atenta carta dicindo que o Concello lles costa moi caro reparar os camiños que deixan en malas condicións, para que eles o trasmitan ós seus asociados.

Sometida a votación o Concello Pleno acorda por unanimidade prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte e previa a entrada no turno de Rogos e Preguntas, polo Sr. Alcalde Presidente, preguntase os portavoces, se teñen algunha Moción para someter á consideración do Pleno pola vía de urgencia, non presentándose ningunha moción.



PUNTO NÚM. 7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas, intervén o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que o veñen reiterando en todos os Plenos, que a Praia de Seselle e o Raso, hai que dirlles un repaso xeral de limpeza.

E en segundo lugar o tema do Galpon das Escolas de Nenas do Lago, que xa leva un ano, que quedou de quitalo , e o feísmo que eso leva consigo.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente, que o tema das Escolas do Lago xa se esta a facer un proxecto de rehabilitación.

E con referencia a Praia de Seselle, se está actuando nela, pero temos mala sorte, que unha vez limpia, temos unha baixada de mar e nos deixa a Praia chea de xabre, temos traballando as 4 persoas que nos deu a Consellería de Traballo no Plan de Cooperación, o ano pasado tiñamos 20 persoas (10 da Deputación e 10 da Consellería), este ano co goberno do Partido Popular os baixou a 4, non me parece razonable que a Consellería de Traballo para limpar todas as praias de Ares a Consellería nos de 4 traballadores.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e cinco minutos do día ó comenzó sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO-ACCTAL,